

## FICHA TÉCNICA

### INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA PATACA DE GALICIA / PATATA DE GALICIA

**Creación:** Por orde do 19 de setembro de 1996 da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, recoñécese a denominación específica Pataca de Galicia (DOG 7.10.1996)

**Regulamentación:** Regulamento aprobado por Orde do 9 de febreiro de 2021 (DOG nº 34 do 19.02.2021) (Corrección de erros DOG nº 41 do 2.03.2021))  
Inscrita no rexistro da UE polo R(CE)148/2007 de 15 de febreiro de 2007 (DOUE do 16.02.2007).  
Aprobada a última modificación do Prego de Condicións polo Regulamento de Execución (UE) Nº 2020/645 da Comisión (DOUE do 14.05.2020).

**Enderezo:** Finca A Devesa, s/n 32630 Xinzo de Limia - Ourense  
Tel.: 988 46 26 50 Fax: 988 46 26 50  
Correo electrónico: [patacadegalicia@patacadegalicia.es](mailto:patacadegalicia@patacadegalicia.es);  
[patacadegalicia@patacadegalicia.gal](mailto:patacadegalicia@patacadegalicia.gal)  
Web: [www.patacadegalicia.es](http://www.patacadegalicia.es), [www.patacadegalicia.gal](http://www.patacadegalicia.gal)

**Presidente:** Guillermo Budiño Cajaraville

#### **Rexistros a 31 de decembro de 2020:**

Produtores:	93
Almacenistas:	11
Superficie inscrita:	2.862 ha
Superficie plantada:	549,2 ha

#### **Volume de actividade no ano 2020:**

Producción controlada:	24.290.600 kg
Producción comercializada:	7.066.209 kg
Valor económico estimado*:	3.533.104 €

\*precio á saída de almacén

## Zona amparada pola IXP Pataca de Galicia / Patata de Galicia

A zona de produción, almacenamento e envasado do produto amparado pola IXP Pataca de Galicia abrangue a Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Produto protexido**

O produto amparado pola Indicación Xeográfica Protexida (IXP) “Pataca de Galicia” ou “Patata de Galicia” defínese como os tubérculos da especie *Solanum tuberosum L.*, das variedades cultivadas “Kennebec”, “Agrida” e “Fina de Carballo”, destinados ao consumo humano e procedentes de semente certificada ou reemprego procedente da propia explotación.

O envasado realizarase en lotes homoxéneos de calibre e procedencia, sendo o calibre mínimo de 35 mm. Porén, admitirase a comercialización de patacas de calibre entre 18 mm e o mínimo citado, baixo a denominación “pataca miúda ou fóra de calibre” ou designación equivalente. Comercializarase en envases novos, limpos e de materiais axeitados para favorecer unha correcta ventilación e transporte do produto.

### Características

As patacas acollidas a esta indicación xeográfica teñen pel de aparencia lisa e fina, textura firme ao tacto e cremosa ao seren cocidas, consistente en boca. A súa calidade para o consumo é excelente, destacando polo seu contido en materia seca e por manter as súas cualidades de cor, aroma e sabora despois de ser cocinadas.

Evolución da produción amparada pola IXP Pataca de Galicia (tm)

